



**RESOLUCIÓN pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de técnico medio de persoal laboral fixo do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).**

Por resolución do 1 de xuño de 2023 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de técnico medio de persoal laboral fixo do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Unha vez transcorrido o prazo para emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, a Dirección Xeral do Igape

#### RESOLVE:

Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso extraordinario de estabilización, pola quenda de acceso libre mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de técnico medio de persoal laboral fixo.

As listaxes definitivas completas de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da causa determinante da a exclusión, figuran no anexo I.

Consonte ao disposto no punto I.4.2 das bases da convocatoria, o feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando, da documentación que deben presentar tras superaren o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.

O Igape devolveralles o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

Para iso será necesaria a presentación dun escrito dirixido á Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica no cal se solicite a devolución e se indique un número de conta bancaria para o seu aboamento. A presentación deste escrito fóra de prazo ou a non inclusión dos datos bancarios solicitados suporá a perda do dereito á devolución do importe ingresado.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas solicitantes admitidas provisional ou definitivamente.





Contra esta resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante a Dirección Xeral do Igape, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación do anuncio desta resolución, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A directora xeral do Igape

Covadonga Toca Carús





## ANEXO I

A listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas é a seguinte:

Categoría técnico medio		
Apelidos	Nome	DNI
Arias Tarrío	Silvia	***1397**
Balseiro Fraga	Isabel	***9805**
Barreiro Villar	Francisco	***9913**
Fernández Fraguas	Agustín	***6570**
Fernández Gómez	Milagros	***1641**
Ferreiro Cendán	Francisco Javier	***2131**
García Trillo	Fernando Manuel	***2008**
Gil Merino	Juan Manuel	***8619**
Neo Vázquez	Pablo	***3726**
Orgeira Naya	José Antonio	***8584**
Rábade Blanco	Rafael	***2779**
Rodríguez Ormaechea	José Ignacio	***1355**
Taboada Cotón	Ramón	***8144**
Vázquez Pereiro	Lara	***8003**
Viqueira Rodríguez	Gabriel	***0933**

A listaxe de persoas aspirantes excluídas, así como a causa da súa exclusión, é a seguinte:

Categoría técnico medio			
Apelidos	Nome	DNI	Causa da exclusión
Agrasar Muíños	Xosé Lois	***9750**	1.3.4
Juanatey Regalado	Alejandro	***5601**	1.3.4
Negreira Espasandín	María Milagros	***9307**	1.2.3 e 1.3.3

Código	Causa da exclusión
1.2.3	Non aporta o título requirido
1.3.3	Non aporta copia do xustificante do pagamento das taxas
1.3.4	Solicitud presentada fóra de prazo

